



CONSELLOS E ORIENTACIÓNS PARA AS FAMILIAS ANTE A CHEGADA DUN/DUNHA IRMÁN / IRMÁ

.Facer partícipe aos fillos das tarefas que conleva a chegada dun irmán:

Preparar a cuna e habitación, mercar roupa....

-Valorar aos fillos trala realización destas tarefas; mais pola actitude que manifestan que polo resultado final.

.Resaltar a importancia de ter irmáns e da felicidade que isto conleva no xogo, nas tarefas diarias, na alegría da casa....

.Advertir aos familiares que nas visitas que nos realicen eviten expresións do tipo: “agora si que vas ter que compartir”, ou “terás que coidalo porque él será moi pequeno e ti xa eres maior”

.Incitar a que as expresións fagan alusión a aspectos positivos referidos ao novo irmán/irmá: “vaste divertir moito”, “vas a poder xogar cando sexa un pouco mais grande”...

.Evitar frases que recriminen as súas accións: “Non o toques” , “ Que che vai cair”, “Aparta que non me fío de ti”...

.Estimular con expresións positivas todo acercamento: “Qué ben o cuidas”, “Eres moi responsable”, “Ven que o vas a bañar moi ben”

.Involucrar ao irmán nas tarefas diarias de coidado, hixiene, alimentación.

.Buscar momentos para atender de forma preferente aos outros fillos. Os adultos podemos centrarnos casi exclusivamente no bebé relegando a atención aos demais fillos; sen embargo os que poden manifestar conductas celosas son os maiores e non o recién nacido.

.Valorar aos nosos fillos/as diante de familiares e visitas, tratando de omitir todo comentario negativo sobre eles.

.Mostrarlle o noso afecto e atención.

Na maioría das situacións nas que se detectan conductas celosas, éstas poden considerarse como manifestacións naturais, respostas propias da idade e debemos entender a aparición deses medos como un proceso de adaptación e maduración na evolución normal dos/as nenos/as.

Se os pais transmiten **seguridade e afecto**, os celos darán paso a unha relación amistosa entre irmáns. **A colaboración de todos** e un clima familiar onde se den **oportunidades para participar**, axudará a que a rivalidade entre irmáns vaia disminuindo progresivamente.

LIBROS RECOMENDADOS:

-¿Jo, siempre él!: soluciones a los celos infantiles

Adele Faber

E. Alfaguara

-El segundo hijo

Meg Zweibach

Mé dici

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN